



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**  
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha  
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683  
[www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris)  
E-mail: [ies.agra.leboris@edu.xunta.es](mailto:ies.agra.leboris@edu.xunta.es)

# **PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL**

## **IES AGRA DE LEBORÍS**



## **INDICE**

### **I. MARCO TEÓRICO – LEGAL 4**

- 1.1.- Introducción... 4
- 1.2.- Marco teórico-legal... 8

### **II. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO... 10**

- 2.1.- Características do centro, o alumnado e o profesorado...10
- 2.2.- Asignación e función do profesorado-titor...12

### **III. ANÁLISE DE NECESIDADES DO PLAN... 16**

### **IV. OBXECTIVOS DO PLAN...17**

### **V. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN...18**

### **VI. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS... 20**

### **VII. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO...22**

- 7.1.- Todos os profesores/as do grupo...22
- 7.2.- O Departamento de orientación...23
- 7.3.- Os profesores/as-titores/as...23
- 7.4.- A xefatura de estudos...23
- 7.5.- A Comisión de Coordinación Pedagóxica... 23



## **VIII. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN...29**

- 8.1.- Coordinación e colaboración interna no centro...29
- 8.2.- Coordinación e colaboración cos centros adscritos...30
- 8.3.- Coordinación e colaboración cos centros de secundaria da zona... 30

## **IX. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO...31**

- 9.1.- Coordinación e colaboración coas familias...31
- 9.2.- Coordinación con outros organismos ou asociación...31

## **X. PROCEDIMENTOS PARA AS ACTUACIÓNS DE SEGUIMENTO DO PLAN...33**

## **XI. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN...34**

### **ANEXOS...37**

- **Cuestionario de orientación académico e profesional da ESO**
- **Ficha de recollida de información de orientación para bacharelato**
- **Modelo de Consello orientador**
- **Modelo de citación á familias**



## **I. MARCO TEÓRICO – LEGAL**

### **1.1.- INTRODUCCIÓN**

A orientación e tutoría forma parte da función docente; isto é, todo o profesorado está implicado/a na acción titorial. Todo profesor/a está influíndo constantemente sobre cada alumno e alumna cando estes contrúen o seu autoconcepto, elaboran expectativas e trazan o seu proxecto de vida. A tarefa educativa, é dicir, a responsabilidade de axudar ao alumnado no seu proceso de maduración, debe ser asumida por todo o equipo educativo, e o desenvolvemento do plan de orientación e o plan de acción titorial deben ser un obxectivo esencial do centro como ferramentas de apoio nesa función.

A Lei Orgánica de Educación 3/2006, de 3 de maio (en adiante LOE), na redacción que lle da a Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, para a Modificación da LOE (en adiante LOMLOE), establece entre os seus principios “a orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”, e que se prestará especial á orientación educativa e profesional do alumnado na educación secundaria e no bacharelato.

Tamén a LOE sinala entre as funcións do profesorado:

“c) A tutoría dos alumnos e alumnas, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.

d) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados”.

Para elo, a formación permanente do profesorado deberá contemplar a orientación e tutoría como forma de mellorar a calidade de ensino e o bo funcionamento dos centros. E o claustro de profesores terá entre as súas competencias “Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos”.

A finalidade do Plan de Orientación xunto co Plan de Acción Titorial é axudar as persoas que exercen a tutoría de grupos e ao resto de profesorado na organización, desenvolvemento e avaliación das titorías, establecendo prioridades en función do seu coñecemento do grupo e das necesidades do alumnado que o compón. Debido á



relevancia do papel desempeñado por esta figura, é importante que a designación das titorías dos grupos teña en conta uns mínimos criterios psicopedagóxicos, onde o titor ou titora asuma o seu rol con responsabilidade e competencias básicas.

En todas as etapas educativas é importante levar a cabo a acción tutorial, sobre todo en momentos de maior complexidade e incertidumbre do alumnado. **Nas etapas da ESO e Bacharelato** será relevante esta labor destacando o artigo 16, do DECRETO 86/2015 e os artigos 20 do Decreto 156/2022 e do Decreto 157/2022, sobre “**titoría e orientación**” no que fai referencia aos seguintes apartados:

**Decreto 86/2015:**

1. A acción tutorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante en cada un dos cursos. Os centros docentes informarán e orientarán o alumnado na elección de materias, tanto para favorecer a consolidación da adquisición das competencias clave como para facilitar a transición ao mundo laboral ou educativo ao finalizar o ensino obrigatorio, así como nos plans de acollemento no centro docente.
2. Cada grupo de alumnos e alumnas contará cun titor ou unha titora, designado/a polo/a director/a do centro docente entre o profesorado que lle imparta docencia ao grupo.
3. O profesorado titor terá a responsabilidade de coordinar o equipo docente que imparta clases nese grupo, no relativo tanto á avaliación como aos procesos de ensino e aprendizaxe, e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais. Será responsable da orientación do grupo en colaboración co Departamento de Orientación.
4. A orientación educativa garantirá ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

No artigo 27.6 deste mesmo decreto, relativo aos principios metodolóxicos, indica que “A acción tutorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante nesta etapa. O/a profesor/a titor/a coordinará a intervención educativa do equipo docente



e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais.

**Decreto 156/2022:**

1. Na educación secundaria obrigatoria, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.
2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor.
3. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelan. Esta información subministrarse, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia ou ámbito.
4. Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das opcións e materias a que se refiren os artigos 9.3.l), 10.1.g) e 10.1.h) sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero.
5. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias clave correspondentes, así como unha proposta a nais, pais ou persoas titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou, excepcionalmente, a un ciclo formativo de grao básico.
6. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado. que se entregará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais das alumnas ou dos alumnos, ou á propia alumna ou ao alumno, no caso de que sexa maior de idade, que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.
7. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a nais, pais ou persoas titoras legais, ou á alumna ou ao alumno, a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, nalgún outro



curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

8. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as características dos consellos orientadores a que se refiren os puntos anteriores

**Decreto 157/2022:**

1. No bacharelato, a tutoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, así como a preparación do seu futuro itinerario formativo, constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información subministrarse, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia.

3. Coa finalidade de fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporarse a perspectiva de xénero ao ámbito da orientación educativa e profesional.

4. Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das modalidades, as vías e as materias ás que se refiren os artigos 9, 10 e 11 sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa e/ou profesional posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero

Polo tanto, o plan de orientación académico e profesional complementase co plan de acción titorial, na súa labor de ofrecer unha formación integral do alumnado, tanto na ESO como no Bacharelato, dando respostas ás necesidades de orientación xeral en todas as etapas educativas e, sobre todo, naqueles intres nos que sexa necesario levar a cabo unha toma de decisións.



## 1.2.- MARCO TEÓRICO-LEGAL

A normativa e outra documentación de referencia a ter en conta estará sempre suxeita a ir adaptándose ás necesidades e cambios que xurdan no sistema educativo en xeral:

- Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio, na redacción que lle da a Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, para a Mellora de Lei Orgánica de Educación.
- REAL DECRETO 35/2000, do 28 de xaneiro de 2000, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galiza. (DOG,29/2/2000)
- REAL DECRETO 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (BOE, 31/07/2003)
- DECRETO 86/2015 polo que se desenvolve o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- CIRCULAR 18/2007 das DXOIEFPEE pola que se ditan instrucións para unificar actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- CIRCULAR 10/2010 da DXEFPIE pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.





- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención
- ORDE do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da componente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



## II. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 2.1.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO, O ALUMNADO E O PROFESORADO

O noso centro educativo ubicado en A Laracha, na comarca de Bergantiños, conta cunha ampla diversidade de alumnado. A oferta educativa do noso centro inclúe as etapas da ESO e Bacharelato.

Na ESO temos 4 liñas (que pode ir variando segundo a realidade de cada curso escolar), e contamos con programas específicos de atención á diversidade para esta etapa, tanto de apoio específico ás necesidades educativas, como programas de diversificación curricular, entre outras posibles medidas a aplicar ou adaptar segundo a normativa que vaia xurdindo en materia de atención á diversidade dentro dos principios de personalización e inclusión.

O alumnado que **acada os estudos da ESO** no noso centro pode acceder á etapa de **bacharelato** en dúas modalidades, a de Humanidades e Ciencias sociais, e a de Ciencias (2 liñas).

Esta oferta educativa está sendo susceptible de modificacións segundo a normativa vixente, polo que haberá que ir revisando os documentos oficiais de centro para ir reflectindo ditos cambios. Todo debe quedar especificado no noso Proxecto educativo de centro.

Con esta gran diversidade de alumnado precisamos concienciarnos da necesidade de levar a cabo un plan de orientación que analice en profundidade as situacións de cada alumno e cada grupo-clase, estableza pautas de actuacións concretas para o regulamento das normas de convivencia e permita a resolución dos mesmos, co fin de crear un clima de centro positivo e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

As relacións e a participación na vida do centro considéranse positivas en todo momento. Aínda que hai tempos e espazos fixos para a relación e participación da comunidade educativa, cóntase con outros non fixos que se crean de xeito natural segundo van xurdindo as necesidades. Neste caso, a colaboración é case sempre aceptada e búscanse as formas de organizarse para o seu máximo aproveitamento.



Por parte do **profesorado**, dende a Comisións de Coordinación Pedagóxica (CCP) establécense as liñas de actuación para o deseño, posta en práctica, seguimento e avaliación do plan de orientación. Dende o claustro de profesores/as infórmase do plan de orientación cos medios e recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Nas reunións de departamentos vanse concretando as actuacións, sendo o Departamento de Orientación un dos máis implicados neste labor.

Un aspecto importante a ter en conta é a diversidade de profesorado no noso centro. Cóntase con mestres de primaria nos dous primeiros cursos da ESO, e profesorado de educación secundaria. A maioría do profesorado é fixo e da zona, aínda que se conta con bastante profesorado da Coruña capital e arredores pola proximidade a Carballo, así como profesorado que ven con carácter temporal, ás veces para todo o curso e outras para períodos de tempo máis curtos, o que require un especial esforzo de adaptación.

O **alumnado** de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO ven dos centros adscritos CEIP Otero Pedraio, en A Laracha, co seu propio Departamento de Orientación, o CEIP Alfredo Brañas, en Paiosaco, tamén cun departamento de Orientación que cubre as necesidades do citado centro e as do CEIP de Caión, tamén adscrito. A meirande parte do alumnado de Bacharelato é do noso centro, con incorporacións puntuais doutros institutos. Tamén pódese recibir alumnado nas diversas etapas das zonas limítrofes de Arteixo e Carballo, xeralmente por movementos de tipo laboral das familias.

As **familias** dos nosos alumnos soen amosar interese pola formación dos seus fillos e fillas e asistir con fluidez ao centro educativo, colaborando de forma permanente. Cóntase coa participación de familias dende o Consello Escolar e a Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA).

O nivel sociocultural das familias pode considerarse medio e medio baixo. Nalgún casos precisamos colaborar con outros servizos para axudar a responder ás necesidades dalgunhas familias, en concreto cos servizos sociais do Concello, Centro de Saúde, entre outras.



O **persoal de administración e servizos** comprende o persoal de conxerxaría, con dous membros, unha persoa como auxiliar administrativo, persoal de limpeza, e persoal de cafetaría que se fai cargo do servizo de comedor. Ademais hai que contar co servizo de transporte para actividades diarias ou extraescolares.

Doutras **institucións e entidades da contorna** ás que hai que facer referencia pola implicación co noso centro destácanse as seguintes: oficina de emprego (SEPE), asociacións implicadas na atención á diversidade e a atención social, Servizos Sociais do Concello, Garda Civil, entre outros. De gran importancia na administración educativa é a existencia dun especialista en orientación vocacional e profesional no EOE de A Coruña.

## **2.2.- ASIGNACIÓN E FUNCIÓN DO PROFESORADO-TITOR/A**

Cada grupo terá unha persoa titora que será designada pola directora a proposta da xefatura de estudos. En Educación Secundaria Obrigatoria a titoría recaerá nun profesor ou profesora que imparta docencia a todo o grupo, e haberá no horario lectivo unha sesión de titoría co alumando.

A xefatura de estudos coordinará o traballo das persoas titoras e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial e o logro dos obxectivos previstos no plan de acción titorial do noso centro. Procurarase facilitar estas reunións de coordinación no deseño dos horarios das persoas que exerzan a titoría dos grupos.

As persoas titoras, ademais das funcións establecidas con carácter xeral, encargaranse da orientación e o asesoramento aos alumnos e alumnas sobre as súas posibilidades educativas na transición polos niveis, etapas e modalidades de ensinanzas, coa colaboración do departamento de orientación.

Ademais da hora de titoría co grupo clase, a persoa titora disporá unha hora complementaria semanal para a atención ás familias ou titores legais, contando sempre coa colaboración da xefatura de estudos e o departamento de orientación. Celebrará durante o curso escolar, ao menos, dúas reunións co conxunto dos pais e nais, unha delas ao principio de curso e unha individual con cada un deles ao longo do curso escolar. Ademais, con ocasión de cada unha das sesións de avaliación previstas, reunirase cos pais e nais que estime oportuno para informar da evolución académica e o



comportamento do alumno ou da alumna no centro, segundo os acordos establecidos polas xuntas de avaliación.

O departamento de orientación realizará un seguimento e apioará a labor das persoas titoras dacordo co establecido no noso plan orientación e o plan de acción tutorial. Para este fin, a xefatura de estudos convocará reunións de titores/as durante o curso cando se consideren necesarias para realizar adecuadamente a función tutorial.

**O regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo, establece os aspectos máis relevantes sobre as tarefas e función das persoas titoras, sobre todo no relativo á orientación e tutoría:**

**Artigo 58°** 1. A tutoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. A función tutorial e orientadora do alumnado desenvolverase ó longo de tódalas etapas e ciclos formativos. 2. Nos institutos de educación secundaria haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado. O titor ou titora será designado polo director ou directora, por proposta do xefe ou xefa de estudos, oído o xefe ou xefa do departamento de orientación, entre os profesores e profesoras que impartan docencia a todo o grupo.

**Artigo 59°** 1. Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.**
- Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñece-las características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.



- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
- Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.**
- Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- Organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo.
- Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.**
- Colaborar co Departamento de Orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.**
- Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Orienta-las demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ó alumnado do grupo, ós pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.



- Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.
- Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou titores e o xefe ou xefa de estudos.
- Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.**
- Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

### III. ANÁLISE DE NECESIDADES DO PLAN

Cos cambios da realidade educativa e dos marcos normativos vixentes, establécese unha análise de necesidades a nivel centro, aula e individual.

A nivel de centro, seguirase revisando documentos oficiais de centro, para valorar e facer modificacións que poidan mellorar na organización e funcionamento. Levarase a cabo unha avaliación inicial de todo o alumnado que permitirá atender as necesidades educativas a nivel de centro, aula e individual. É importante facer unha actualización dos distintos documentos de centro segundo a nova lexislación. Tomaráse sempre como referencia as directrices establecidas desde a comisión de coordinación pedagóxica.

A nivel de aula, valorarase a formación de grupos por nivel, centrándonos na adecuación das programacións didácticas, concreción da acción titorial, a organización dos apoios educativos e reforzos educativos, o mesmo que a acollida e integración do novo alumnado, tanto a nivel de centro como aula. Na ESO será moi importante valorar as preferencias do alumnado polos itinerarios que elixan, concretados nun consello orientador ao finalizar 4º curso, e tamén ao rematar 2º ou 3º cursos, nos casos de alumnado que sexa proposto para cursar un PDC ou FP de Grao Básico. A orientación do alumnado de bacharelato centrarase na presentación de toda a oferta académica.

A nivel individual, levaremos a cabo a revisión de expedientes académicos coas persoas titoras, valoración colectiva do alumnado cando se considere necesario, valoracións psicopedagóxicas (cando sexan necesarias), de nivel de competencia curricular, para ir adecuando o proceso de ensino-aprendizaxe de cara a favorecer o seu proceso de desenvolvemento integral. Para a avaliación de necesidades, levaremos a cabo a revisión de documentos, aplicación de cuestionarios ou test psicopedagóxicos, realización de reunións de coordinación, entre outros instrumentos. No relativo á orientación, manterase ao alumnado permanentemente informado de toda a oferta educativa e profesional, do mercado laboral, de becas, etc. Neste proceso de orientación do alumnado terase en conta todo o seu desenvolvemento de cara a favorecer a toma de decisións sobre o seu futuro académico e profesional, e sobre todo naqueles casos onde se presentan situacións de complexidade e incertidume.



#### IV. OBXECTIVOS DO PLAN

Os obxectivos do plan de orientación terán en conta tanto a normativa como as necesidades educativas que presenta o noso centro e que se concretan neste momento en:

- Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado, especialmente nos cambios de curso ou etapa e ante a elección de opcións académicas, formativas e profesionais.
- Proporcionar ao alumnado estratexias, información e recursos necesarios para conseguir un autoconhecimento adecuado das propias capacidades, intereses e motivacións, e así desenvolver as capacidades implicadas no proceso de toma de decisións.
- Facilitar o coñecemento do sistema educativo, así como crear estratexias de búsqueda desa información.
- Facilitar ao alumnado que o demande o coñecemento do mundo laboral, desenvolvendo técnicas de búsqueda de emprego, propiciando o contacto co mundo do traballo, que poidan facilitar a súa inserción laboral nos casos minoritarios en que desexen acceder directamente ao mundo laboral sin continuar os seus estudos.
- Axudar ao alumno a desenvolver estratexias para afrontar o proceso de toma de decisións.
- Implicar ás familias do alumnado no desenvolvemento deste plan facendo ver a súa importancia na toma de decisións dos seus fillos e desenvolvendo estratexias para axudarlles a decidir libremente.



## V. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN

As actuacións incluídas neste ámbito levaranse a cabo a través de:

- Actividades propostas nas programacións didácticas das distintas áreas e materias.
- Actividades integradas no PAT, sobre todo na titoría de grupo, titoría individual e coas familias, co fin de facilitar a participación e colaboración destas no proceso de axuda á toma de decisións dos seus fillos e fillas.
- Actividades que corresponde organizar e desenvolver ao propio departamento de orientación, para manter relación cos centros de formación do seu entorno e fomentar a súa colaboración na orientación profesional do alumnado, así como a inserción laboral dos que opten por incorporarse ao mundo do traballo ao término dos seus estudos no centro, a organización das xornadas informativas para o alumnado da ESO e Bacharelato, etc.
- As actuacións que se diseñen neste ámbito terán no seu conxunto a finalidade de favorecer no alumnado a reflexión, o autocoñecemento e valoración das propias capacidades, motivacións e intereses, así como o coñecemento de toda a oferta educativa e laboral para que poidan facer eleccións óptimas.

No desenvolvemento do plan académico e profesional prestarase singular atención á perspectiva de xénero e á superación de hábitos sociais discriminatorios por razón de orixe social ou cultural que condicionan o acceso aos diferentes estudos e profesións.

Xa que a familia ten gran peso na elección que poida facer o alumnado, desenvolveranse actividades de orientación á mesma, sexa grupal, por niveis educativos ou de forma individualizada sempre que se requira.

As actuacións, medidas e programas organizaráanse atendendo ao ámbito de centro, aula e individual:

<b>No centro educativo</b>	Implicación de toda a comunidade educativa Actualización dos documentos de centro no relativo á orientación e titoría.
----------------------------	---



	<p>Formación permanente do profesorado en temas de orientación e tutoría.</p> <p>Organización de xornadas de portas abertas</p> <p>Organización de reunións e charlas en centros educativos do contorno.</p> <p>Colaboración con entidades e institucións relacionadas con este campo.</p>
<b>No grupo-clase, na tutoría</b>	<p>Actividades de acollida do alumnado e das familias.</p> <p>Actividades específicas de autoconhecimento.</p> <p>Información de toda a oferta formativa académica e laboral.</p> <p>Xornadas de orientación con axentes externos, doutros centros educativos, da universidade, da oficina de emprego.</p> <p>Información sobre a oferta e o acceso ao mundo laboral.</p> <p>Transversalización de contidos relativos á orientación educativa e profesional nas distintas materias do currículo.</p> <p>Favorecer a toma de decisións vocacionais.</p> <p>Emprego das TICS, programa Orienta.</p>
<b>A nivel individual</b>	<p>Análise das necesidades individuais, autoconhecimento.</p> <p>Prevenición e intervención no alumnado con dificultades na toma de decisión.</p> <p>Intervención en casos de alumnado que presenten máis incertidumbre e complexidade na toma de decisións vocacionais.</p>



## VI. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

O plan de acción orientación e tutoría precisa establecer a concreción das actuacións, das medidas e dos programas, especificando as actividades que vai desenvolver, indicando cales son os recursos, as persoas, a quen van dirixidos e como imos proceder cunha metodoloxía activa e participativa.

Partimos de actuacións xerais que logo se irán concretando noutras actuacións, medidas ou programas máis específicos.

ACTUACIÓNS XERAIS	CONCRECIÓNS	PROCEDEMENTOS
<b>Acollida do alumnado</b>	Autoestima e autoconceito Habilidades sociais e para a vida	Asambleas e reunións Dinámicas de grupo Cuestionarios e debates Regulamento das normas da aula
<b>Integración de contidos curriculares e transversalización</b>	En materias específicas como Valores, Igualdade de Xénero, Ciencias sociais. En todas as materias como dinámica de centro no respecto á orientación e tutoría	Cada docente dende as súas materias informarán da relación entre a formación nas distintas especialidades e os accesos ao mundo laboral. Contidos transversais sobre igualdade de xénero, prevención da violencia, educación en valores...
<b>Coñecemento de toda a oferta educativa e profesional</b>	Itinerarios formativos na ESO e bacharelato. Ciclos de FP Básicos, de Grado Medio e Superior. Ensinanzas universitarias. Ensinanzas de réxime especial. Becas, residencias, probas de acceso...	A nivel interno: profesorado titor/a, departamento de orientación Con axentes externos: Charlas e visitas á USC; UDC; centros do contorno con outra oferta educativa de interese para o alumnado.
<b>Coñecemento do mundo laboral</b>	Oferta laboral no contorno máis próximo. Oferta laboral en xeral. Búsqueda activa de emprego. Autoemprego.	Profesorado titor/a, profesorado IE, Departamento de Orientación Con axentes externos: concello, oficina de emprego, empresas do contorno...
<b>Proceso de toma de decisións</b>	Recollida de información sobre os intereses e motivacións do alumnado e a oferta educativa	Cuestionarios de orientación académico e profesional. Itinerarios personalizados.



ACTUACIÓN XERAIS	CONCRECIÓNS	PROCEDEMENTOS
	para facilitar a toma de decisións. Programa de preferencias profesionais. Programa Orienta.	Consello orientador.
<b>Atención ás familias</b>	Reunións grupais solicitando a colaboración na toma de decisións dos seus fillos/as. Entrevistas individuais.	Ao principio de curso Durante todo o curso Hora de atención ás familias



## **VII. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO**

Os responsabeis de levar a cabo o programa serán todos os axentes implicados nos procesos de desenvolvemento curricular do instituto:

### **7.1.- TODOS OS PROFESORES/AS DO GRUPO**

O plan de orientación debe formar parte de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e para elo é importante que esté presente tanto nas áreas comúns como nas optativas, a través de:

- Contidos que teñan un carácter pre-profesionalizador, é dicir, que sexa posible relacionar estes contidos con algúns dos aspectos que resultan necesarios para o desenvolvemento dunha actividade profesional.
- Contidos que teñan unha dimensión práctica, é dicir, que teñan relación co cotiá, resolvan algúns aspectos de situacións diarias.

En relación coa parte optativa do currículo e dos itinerarios dos Bacharelatos:

- Deberíase insistir en que as materias optativas contemplen as diferentes características dos alumnos/as e, polo tanto, que existan ofertas diferentes segundo os intereses, estilos de aprendizaxe e nivel de coñecementos que presenta o alumnado do ciclo ou curso.
- A elección das optativas, debe ser orientada polo equipo educativo, polo seu coñecemento dos progresos dos alumnos e alumnas e cáles son os aspectos que se deben reforzar ou en qué capacidades se debe insistir máis. Ademais, o profesorado titor, no marco das súas entrevistas co alumnado, pode ter maior información sobre as súas expectativas e intereses.

Debe actuarse con maior insistencia nos momentos nos que o alumnado debe tomar decisións respecto ao seu futuro inmediato, sexa en campo académico ou profesional / laboral. Por elo, haberá que traballar os aspectos que configuran os itinerarios que poiden seguir os alumnos/a na súa inserción activa e laboral. Na elaboración do *Consello Orientador* na ESO e, sobre todo, de cara aos itinerarios de final de etapa.



## **7.2.- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Como apoio cualificado, coordinará o desenvolvemento do plan de orientación potenciando o debate na Comisión de Coordinación Pedagóxica, prestando apoio e asesoramento aos titores, proporcionando materiais e documentación útil para as sesións de tutoría directa con alumnos, proporcionar información actualizada sobre carreiras, ciclos formativos, probas de acceso, matriculas, becas, etc.

Dende o departamento realizaranse as seguintes actuacións:

1. Orientación individual aos alumnos, especialmente para aqueles que presenten problemas de decisión sobre o seu propio itinerario educativo ou profesional.
2. Orientación individual a pais e nais.
3. Orientación grupal aos pais e alumnos.
4. Organización de charlas informativas e visitas a centros de interese.
5. Dotación de recursos sobre ofertas educativas, itinerarios, becas...

## **7.3.- O PROFESORADO TITOR**

Os titores e titoras serán mediadores entre o plan de orientación e o resto do equipo docente, para desenvolver actividades concretas deste a través do plan de acción tutorial e asesorar aos alumnos sobre as súas posibilidades.

## **7.4.- A XEFATURA DE ESTUDOS**

- Coordinar as reunións de titores/as que se propoñan.
- Propor actividades que poidan formar parte do plan.
- Revisar e supervisar o seu funcionamento.

## **7.5.- A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

- Ao inicio do curso establecerá as liñas directrices do plan.
- Ademáis, revisará e propondrá modificacións ao mesmo.

## **ACTIVIDADES PARA A TOMA DE DECISIÓNS NA ESO**

Os obxectivos a conseguir para a toma de decisións son:

1) Propiciar no alumnado un autocoñecemento o máis completo posible en canto a: aptitudes, habilidades, traxectoria escolar, etc.; motivacións, intereses, aspiracións, condicionantes persoais, etc.; personalidade, actitudes, autoconcepto, xerarquía de



valores; a situación social de cada un e as expectativas de desenvolvemento do proxecto persoal de vida.

2) Facilitar ao alumno/a o coñecemento da estrutura do sistema educativo e das posibilidades que ten de acceder a distintas vías do mesmo. Isto implicará coñecer a oferta educativa, tanto regrada como non regrada; as opcións educativas, os itinerarios académicos, os programas de iniciación profesional, a optatividade, etc.; a relación entre as distintas opcións cos futuros estudos superiores ou ámbito profesional ao que quere acceder; os institutos, centros, universidades, etc., onde se poidan cursar os distintos estudos; requisitos de acceso para os distintos estudos; coñecer as becas e axudas ás que se pode acceder

3) Facilitar ao alumno o coñecemento do mundo laboral: os distintos campos profesionais, ocupacións, etc.; os distintos perfís profesionais; cómo é o mundo do traballo e as relacións laborais, prevención de riscos laborais, tipos de contratos; o entorno socioeconómico no que se atopan os alumnos e as posibilidades de emprego no mesmo.

4) Facilitar ao alumno o proceso de inserción na vida laboral e activa: métodos de búsqueda de emprego e habilidades sociais necesarias; documentos a empregar (a instancia, a carta de presentación, o currículum vitae); as entrevistas de selección, as probas psicolóxicas, etc.; organismos aos que se pode recurrir (oficina de emprego, Sindicatos, Administración, etc.); autoemprego.

O proceso de orientación académico e profesional será un elemento fundamental para a elaboración do consello orientador na ESO, nos niveis onde sexa necesario facer propostas ao alumnado. Sobre todo ao finalizar o 4º curso, o equipo de profesores/as do grupo, actuando como equipo de avaliación, co asesoramento do departamento de orientación, emitirá un **informe de orientación escolar** para cada alumno/a, co fin de orientar aos pais ou representantes legais e aos alumnos/as na elección dos itinerarios ou do seu futuro académico e profesional, que terá carácter confidencial. Estes informes incluírán, ao menos, as calificacións obtidas nas distintas áreas e materias cursadas polo alumno, a decisión sobre a promoción ao curso seguinte e as medidas adoptadas, no seu caso para que o alumno acade os obxectivos programados.





Dito consello debe entenderse como unha proposta colexiada da xunta de Profesores, na que, tendo en conta as expectativas manifestadas polo propio alumno/a, recomendaránselles as opcións educativas ou profesionais máis acordes coas súas capacidades, intereses e posibilidades.

### Proceso de Toma de Decisións en 3º da ESO

ACTIVIDADES	CONTIDOS
Que me gustaría facer e ser	Comprensión do significado dunha oferta de emprego Consecuencias dunha opción profesional Coñecemento de empregos
Analizamos-nos Coñecemento de sí mesmo	Análise e tratamento da información relativa ás ocupacións laborais Coñecerse a sí mesmo. Coñecer as aptitudes persoais e a súa vinculación con destrezas e capacidades Valorar positivamente as diferencias persoais en función das aptitudes
Convenme; non me convén	Relación entre aptitudes e asignaturas Relación entre aptitudes, asignaturas e profesións. Respecto a diferentes aptitudes e profesións
Nos informamos	Reflexión sobre preferencias propias e resultados académicos Análise da información relativa a opcións académicas. Valoración da elección de opcións persoais como un exercicio de responsabilidade.
Decido o camiño a seguir	Análise, contraste e decisión dunha opción académica para proxectar o futuro profesional

### Proceso de Toma de Decisións en 4º da ESO

ACTIVIDADES	CONTIDOS
Que é decidir...	Que é unha decisión. Pasos dunha decisión O razoamento na toma de decisión
Nos analizamos ... Coñecemento de sí mesmo... Me conven; non me conven	Análise e tratamento da información relativa ás ocupacións laborais. Coñecerse a sí mesmo. Coñecer as aptitudes persoais e a súa vinculación con destrezas e capacidades. Valorar positivamente as diferencias persoais en función das aptitudes. Relación entre aptitude e asignatura. Relación entre aptitudes, asignaturas e profesións Tolerancia. Respeto a diferentes aptitudes e profesións.
Elexir unha ocupación...	Relación entre asignaturas, habilidades e profesións. Elexir libremente. Valores das profesións
Os estudos que me interesan...	Correspondencia entre distintas ocupacións, asignaturas, aptitudes e valores ocupacionais. Concordancia entre expectativas persoais e posibilidades reais.
Que sabes de...	Que sei da profesión elexida. Qué saben os demais.



ACTIVIDADES	CONTIDOS
	Concordancia entre expectativas persoais e posibilidades reais.
Decido o camiño que quero tomar...	Opcións académicas. Oferta do entorno A decisión definitiva

\*(Ver a temporalización dende o plan de acción tutorial)

O proceso de orientación académica e profesional facilitará a elaboración do Consello Orientador para o alumnado a que se propón itinerarios alternativos (incorporación á PDC, Ciclos Formativos de Gráo Básico) ou ao finalizar esta.

O **consello orientador** deberá contemplar os seguintes puntos:

- O proceso educativo realizado polo alumno/a, no que se reflexen os aspectos nos que máis destacou e progresou con relación às capacidades básicas do currículo da etapa.
- A percepción que o alumno/a ten de sí mesmo, con relación as suas capacidades, posibilidades de aprendizaxe, intereses e preferencias persoais e expectativas profesionais, laborais e académicas.
- As posibilidades de adecuación ás características persoais do alumno/a respecto aos puntos anteriores e as características e condicións das opcións formativas posteriores.
- Proposta de orientación. Terá un carácter confidencial. Este consello Orientador será firmado polo titor co visto bo do director/a e archivarase unha copia no expediente académico do alumno.

O Departamento de Orientación participará na elaboración do consello orientador, especialmente cando un alumno/a requira unha orientación máis persoalizada para tomar a súa decisión respecto ás diferentes alternativas que se lle presentan.

### ACTIVIDADES ESPECÍFICAS POR CURSOS DA ESO (e PDC)

	PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
1º ESO	-Programa de Acolida -Información sobre a ESO -Compromiso do contrato -Aprender a pensar -Educación en Valores -Preavaliación	-Aprender a Pensar -Educación para a saúde -Educación en valores -Preavaliación	-Ensinar a Pensar -Educación para a saúde -Educación en valores -Preavaliación -Preparación da reunión de pais Preavaliación



	<b>PRIMEIRO TRIMESTRE</b>	<b>SEGUNDO TRIMESTRE</b>	<b>TERCEIRO TRIMESTRE</b>
<b>2º ESO</b>	-Programa de Acolida -Aprender a pensar -Educación en valores -Preavaliación	-Aprender a Pensar -Educación en valores -Educación para a paz -Preavaliación.	-Educación para a Convivencia e HHSS -Educación para a saúde <b>-Información académico e profesional</b> -Preavaliación -Preparación da Reunión de pais
<b>3º ESO</b>	-Programa de Acolida -Aprender a pensar -Aprender a convivir -Preavaliación	-Educación en valores -Educación para a saúde -Preavaliación	-Educación para a saúde <b>-Programa de Toma de Decisións (Ver POAP)</b> -Preavaliación -Preparación da reunión de pais
<b>4º ESO</b>	- Programa de Acolida -Aprender a convivir -Aprender a Pensar -Educación en valores -Preavaliación	-Educación para a saúde <b>-Programa de Toma de Decisións</b> <b>-Información académica y profesional (Ver POAP)</b> -Preavaliación	<b>-Programa de Toma de Decisións (Ver POAP)</b> <b>-O Consello Orientador</b> -Preparación da Reunión de Pais -Preavaliación
<b>PDC/PMAR</b>	- Programa de Acolida - Aprender a Pensar -Preavaliación	-Programa de educación para a saúde <b>-Programa de Toma de Decisións</b> -Preavaliación	<b>-Programa de Toma de Decisións</b> <b>-O Consello Orientador</b> -Preavaliación

### **ACTIVIDADES ESPECÍFICAS AOS CURSOS DE BACHARELATO**

	<b>PRIMEIRO TRIMESTRE</b>	<b>SEGUNDO TRIMESTRE</b>	<b>TERCEIRO TRIMESTRE</b>
<b>1º BACHARELATO</b>	-Aprender a convivir -Aprender a pensar <b>-Técnicas de búsqueda de emprego</b> -Preparación da 1ª avaliación -Postevaluación	-Educación para a saúde -Educación en valores: ensinar a ser persoa <b>-Información da oferta do sistema educativo, formación profesional.</b> <b>-O proceso de decisión</b> -Preparación da 2ª Avaliación	<b>-Programa de Toma de Decisións</b> -Preparación da 3ª Avaliación. -Preparación da Reunión de pais e nais
<b>2º BACHARELATO</b>	-Aprender a pensar: Técnicas de Aprendizaxe -Preparación da 1ª avaliación	<b>-Información da oferta do sistema educativo, sistema universitario, ensinanzas de réxime especial.</b> <b>-Toma de decisión.</b> -Preavaliación	<b>-Toma de decisións</b> -Preavaliación

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Estas actividades realizaranse en coordinación coa vicedirección responsable das actividades complementarias e extraescolares. Centrarase na organización de xornadas relacionadas coa cámara de comercio, coa universidade de A Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, con outros centros educativos que impartan outras ofertas educativas da provincia e incluso da comunidade, sempre en coordinación cos titores/as.



Previsión de actividades realizarase a comenzo de cada curso escolar, sendo algunhas habituais no centro educativo:

<b>Programa A Ponte da USC</b>	Charlas docentes universitarias Visitas guiadas na USC
<b>Actividades de Orientación da UDC</b>	Visitas a centros UDC
<b>Educa Coruña</b>	Xornadas de orientación



## **VIII. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN**

### **8.1.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO**

Entre os distintos membros do centro é necesaria unha coordinación e colaboración permanente, sobre todo para a orientación e titoría buscando un ambiente positivo no centro e de tolerancia cero ante calquera acto de violencia.

O **equipo directivo** debe favorecer un bo clima no centro, facendo prevención, pero tamén intervindo e resolvendo aquelas problemáticas que poden condicionar a orientación e titoría, que poden vir dende os distintos sectores da poboación (profesorado, alumnado, familias, persoal de administración en servizos). Os mecanismos de coordinación estableceranse dende os procedementos habituais: Comisión de Coordinación Pedagóxica, claustro de profesorado e Consello escolar. Ademais de aquelas reunións que sexa preciso levar a cabo partido da iniciativa propia da dirección do centro ou por demanda dos membros da comunidade educativa. Cada membro do equipo directivo debe favorecer a convivencia no centro educativo, a dirección, a vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría, cada un dentro do seu ámbito de competencias, sendo sempre a última responsable a dirección.

Os distintos **departamentos didácticos**, baixo a coordinación dun xefe de departamento, tamén manterán espazos e tempos para a coordinación e a colaboración, deixando reflectido nas súas programacións didácticas un apartado relativo á titoría ou á forma de integrar contidos de xeito transversal. Dende as CCP, os xefes de departamento establecerán as liñas de actuación a seguir no plan de orientación e plan de acción titorial.

O **departamento de Orientación** debe asesorar en todo momento e favorecer os procesos de coordinación e colaboración, participando activamente en materia de orientación e titoría.

O **claustro do profesorado** estará implicado e participará en todas aquelas actividades que se consideren oportunas, a nivel complementario e extraescolar,



buscando un ambiente de colaboración que influirá positivamente, sobre todo, no alumnado e nas familias.

## **8.2.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS**

Durante todo o curso escolar haberá coordinación e colaboración cos centros adscritos, o CEIP Otero Pedraio, en A Laracha, o CEIP Alfredo Brañas, en Paiosaco, e o CEIP de Caión. Destácase a acollida do alumnado ao comenzo do curso, coa invitación das familias, asignación dos grupos e titorías. Pero será, sobre todo, durante o terceiro trimestre onde se farán varias actuacións cos centros adscritos, sobre todo co alumnado que ven novo ao instituto:

- Charlas informativas ao alumnado e familia no cambio de etapa.
- Reunión co equipo docente, especialistas en apoio e orientación de primaria co departamento de Orientación do instituto.
- Xornadas de portas abertas, con charla sobre a organización e funcionamento do centro, e visita das instalacións.

Parte destas actuacións faranse extensibles a outros centros de educación infantil e primaria non adscritos da zona que teñan interese en coñecer o funcionamento do instituto.

## **8.3.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COS CENTROS DE SECUNDARIA DA ZONA**

Na nosa zona escolar este é o único IES, aínda que hai centros de secundaria cercanos na zona de Carballo, como son os IES Monte Neme, Alfredo Brañas e Parga Pondal, de titularidade pública, e o CPR Artai, de titularidade privada concertada, e os IES Manuel Murguía e Ponte dos Brozos, de Arteixo.

Con estes centros hai unha colaboración frecuente, sobre todo dende os departamentos de orientación, levándose a cabo comunicacións vía telefónica ou por correo electrónico para tratar temas xerais de organización e funcionamento.

Do mesmo xeito, colabórase con IES, Centros Integrados de Formación Profesional de A Coruña, e Escola de Artes Plásticas e Deseño Pablo Picasso, donde continúa os seus estudos unha parte importante do noso alumnado, xa que a oferta no contorno inmediato é limitada.



## **IX. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**

### **9.1.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COAS FAMILIAS**

O centro establecerá mecanismos de coordinación formais coas familias na representación do Consello escolar.

Por outro lado, implicarase á asociación de nais e pais de alumnado (ANPA) para que colabore no bo clima do centro. O centro ten que levar a cabo actuacións de formación coas familias para tratar aqueles temas que poden ser de preocupación, nas que a colaboración e participación da ANPA é necesaria e importante.

Dende o comenzo de cada curso, estableceranse reunións coas familias dos alumnos e alumnas, en especial do alumnado novo, para informar sobre a organización e funcionamento do centro. Ademais destas reunións, comunicaráselles as vías de coordinación e colaboración do centro, valoradas sempre como moi necesarias, coas horas de atención ás familias do profesorado, un espazo de atención ás familias e a posibilidade de derivar calquera actuación cara ao departamento de orientación coa coordinación dos titores e titoras.

### **9.2.- COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS OU ASOCIACIÓNS**

Na zona da Laracha e con respecto a este centro hai coordinación con distintos organismos e asociacións que directa ou indirectamente favorecen a orientación, tutoría e convivencia no centro educativo, desenvolvendo programas específicos ou intervindo en casos individuais segundo as necesidades que se presentan:

- Oficina de emprego.
- Cámara de comercio comarcal.
- Servizos Sociais do Concello e CIM.
- Servizos de Saúde.
- Servizos de Seguridade, coa Garda Civil e a Policía Local.
- Asociación VIEIRO de prevención en drogodependencias.
- Asociación APEM atención a persoas con enfermidade mental
- ASPANAES Coruña



Centros privados de psicoloxía e logopedia.

Centro de apoio social de Cáritas.

Sen ser na zona, por necesidades do centro, cóntase con outros servizos a destacar:

Unidade de saúde mental infanto-xuvenil, no Centro Hospitalario de Oza, na Coruña

Equipo de Orientación Específico na Coruña.





## **X. PROCEDIMENTOS PARA AS ACTUACIÓNS DE SEGUIMENTO DO PLAN**

Na coordinación de titores/as, realizarase o seguimento e a avaliación de:

- O deseño e funcionamento xeral do plan de orientación.
- Idoneidade das actividades propostas de orientación para as titorías de cada nivel.
- Os avances e dificultades encontradas na hora de titoría co alumnado.
- A coordinación entre os docentes que atenden a cada alumno ou alumna en canto á metodoloxía utilizada e liñas de actuación.
- Funcionamento das sesións de coordinación de titores e titoras.
- A coordinación e información ás familias.
- O grao de satisfacción de todos os implicados: alumnos/as, pais e nais, e profesores/as.



## XI. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

A avaliación incluíra varios aspectos, a temporalización, os criterios de avaliación e os procedementos de avaliación.

En canto á **temporalización**, haberá tres momentos a destacar:

Unha avaliación previa ou inicial que terá carácter diagnóstico e nos permite deseñar un plan acción titorial realista e adaptado ás necesidades do centro. Esta avaliación inicial será supervisada cada curso.

Unha avaliación de procesos, que será levada a cabo no seguimento da implantación do plan de orientación. Terá en conta todas as actuacións, medidas e programas a desenvolver, dentro dun modelo de centro que valore a orientación como algo global e inherente á súa organización e funcionamento.

Unha avaliación final ou de resultados que permita comprobar se se acadaron os obxectivos e en que grao. Todo isto tendo en conta a valoración e implicación dos participantes que inclúe a toda a comunidade educativa e o seu entorno.

Respecto aos criterios de avaliación, permiten analizar o grao de consecución nos distintos obxectivos propostos. Partirase sempre dos mesmos, nos seguintes termos:

<b><u>AMBITOS</u></b>	<b><u>CRITERIOS A AVALIAR</u></b>	<b>GRAOS</b>		
		<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>CASE</b>
<b><i>No ámbito do centro</i></b>	Revisaron os documentos oficiais de centro e deixaron constancia dos contidos específicos sobre convivencia.			
	Adecuaron a normativa educativa e as actualizacións ás necesidades do noso centro			
	Implicaron a toda a comunidade educativa en materia de orientación e titoría			
	Informaron e comunicaron de todos os protocolos necesarios para un bo clima de centro e a resolución de conflitos			
	Proporcionaron unha formación permanente en temas relativos á orientación e titoría			
<b><i>No ámbito do alumnado</i></b>	Detectaron necesidades de carácter persoal que poden incidir no rendemento e na conduta para facer prevención ou intervencións inmediatas.			
	Previron e desenvolveron actuacións a nivel individual para a resolución pacífica de conflitos.			
	Realizaron intervencións a nivel grupal, dende as titorías, para a resolución pacífica de conflitos			
	Formaron e prepararon ao alumnado para formar un equipo de mediación e axuda ao alumnado con máis necesidades de control condutual.			



<b>No ámbito das familias</b>	Corresponsabilizaron ás familias no labor para unha boa convivencia no centro.			
	Colaboraron co centro para axudar aos alumnos con máis necesidades a mellorar e resolver problemas que foran xurdindo.			
	Informaron e aceptaron as normas de convivencia do noso centro dende as vías de comunicación dispoñibles.			
	Contaron coas canles de comunicar para tratar problemas de conduta no centro educativo, tendo en conta a representación no consello escolar.			
<b>No ámbito doutros axentes socioeducativos</b>	Implicaron á Administración educativa na toma de medidas educativas e correctoras do centro educativo coa formación técnica en temas de orientación e titoría			
	Tiveron en conta aos axentes dos EOE especializado como un nivel externo de orientación educativa.			
	Contaron coa colaboración doutras administracións: Familia, Trballo, Sanidade, entre outros			
	Contaron coa colaboración do Concello: sobre todo dos servizos sociais.			
	Valoraron a colaboración doutras asociacións sen ánimo de lucro relacionadas con temas de convivencia: APEM, VIEIRO, entre outras.			

No relativo aos instrumentos de avaliación teranse en conta diversos tipos de recursos para valorar a convivencia, tanto cualitativos como cuantitativos. Cuestionarios, enquisas, rexistros e todos aqueles documentos que poida ser preciso ter en conta para a avaliación do plan.

Para finalizar o plan orientación xunto com plan de acción titorial, feito o seu deseño, implementado, e avaliado, ao finalizar cada curso escolar redactarase unha memoria que permitirá establecer propostas no propio plan e de cara aos novos cursos para a mellora da orientación e titoría.

Centraremos, sobre todo, no nivel de implicación e participación dos distintos membros da comunidade educativa e dos axentes do entorno. Revisaremos e estableceremos novos obxectivos a conseguir deseñando actuacións, medidas e programas que permitan a súa consecución, sempre atendendo ás necesidades que vaian xurdindo no noso centro educativo.



<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>	
Respecto do equipo directivo	
Respecto do profesorado-titor	
Respecto dos obxectivos establecidos	
Respecto da implicación e participación do profesorado	
Respecto da implicación e participación da familia	
Respecto da implicación e participación do alumnado	
Respecto da implicación e participación do PAS	
Respecto da implicación e participación doutros axentes socioeducativos	
Respecto ás actuacións, programas e medidas	
Respecto da difusión do plan	
Respecto á implementación, seguimento e avaliación	

Todo o plan debe estar dentro dun modelo de orientación e titoría integrado e globalizado, que facilite e mellore o desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas nuns principios e valores propiamente democráticos, onde participe toda a comunidade educativa.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**  
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha  
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683  
[www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris)  
E-mail: [ies.agra.leboris@edu.xunta.es](mailto:ies.agra.leboris@edu.xunta.es)

# ANEXOS



## CUESTIONARIO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL DA ESO

ALUMNO/A \_\_\_\_\_ DATA \_\_\_\_\_

Elixe entre estas posibles opcións académicas e laboráis:

CANDO OBTENGA O TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

**GUSTARÍAME FACER BACHARELATO**

Humanidades e Ciencias Sociais

Ciencias e Tecnoloxía

Artes

Xeral

**GUSTARÍAME FACER FORMACIÓN PROFESIONAL**

**Ciclos Formativos de Grao Medio**

**ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS**

CONDUCCIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL

**ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN**

Xestión administrativa

**AGRARIA**

Explotacións agrícolas intensivas

Explotacións agrarias extensivas

Explotacións gandeiras

Xardinería

Traballos forestais e conservación do medio natural

Producción agroecolóxica

Producción agropecuaria

Xardinería e floristería

**ARTES GRÁFICAS**

Encuadernación e manipulados de papel e cartón

Impresión en artes gráficas

Preimpresión en artes gráficas

Impresión gráfica

Preimpresión dixital

Postimpresión e acabados gráficos

**COMERCIO E MARKETING**

Comercio

Actividades comerciais

**EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL**

Acabados de construción

Obras de albañalería

Obras de formigón

Operación e mantemento de maquinaria de construción

Construcción

Obras de interior, decoración e rehabilitación

**ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA**

Equipos electrónicos de consumo



- [Instalacións eléctricas e automáticas](#)
- [Instalacións de telecomunicacións](#)
- [Equipos e instalacións electrotécnicas](#)
- FABRICACIÓN MECÁNICA**
- [Conformado por moldeo de metais e polímeros](#)
- [Xoiería](#)
- [Tratamientos superficiais e térmicos](#)
- [Fundición](#)
- [Soldadura e caldeireiría](#)
- [Mecanizado](#)
- HOSTELERÍA E TURISMO**
- [Servicios en restauración](#)
- [Cociña e gastronomía](#)
- IMAXE PERSOAL**
- [Caracterización](#)
- [Estética persoal decorativa](#)
- [Estética E beleza](#)
- [Perruquería](#)
- [Perruquería e cosmética capilar](#)
- IMAXE E SON**
- [Laboratorio de Imaxe](#)
- INDUSTRIAS ALIMENTARIAS**
- [Conservaría vegetal, cárnica e de peixe](#)
- [Elaboración de produtos lácteos](#)
- [Matadeiro e carnicería-charcatería](#)
- [Molinería e industrias cerealistas](#)
- [Panadería, repostería e confitería](#)
- [Aceites de oliva e viños](#)
- [Elaboración de produtos alimenticios](#)
- INDUSTRIAS EXTRACTIVAS**
- [Excavacións e sondeos](#)
- [Pedra natural](#)
- INFORMÁTICA E COMUNICACIONES**
- [Sistemas microinformáticos e redes](#)
- INSTALACIÓN E MANTENIMIENTO**
- [Instalacións frigoríficas e de climatización](#)
- [Instalacións de produción de calor](#)
- [Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas](#)
- [Mantemento ferroviario](#)
- [Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor](#)
- [Mantemento electromecánico](#)
- MADEIRA, MOBLE E CORCHO**
- [Transformación de madeira e corcho](#)
- [Instalación e amoblamento](#)
- [Fabricación industrial de carpintería e moble](#)
- [Carpintería e moble](#)
- MARÍTIMO - PESQUEIRA**
- [Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque](#)



- [Cultivos acuícolas](#)
- [Operacións de cultivo acuícola](#)
- [Buceo de media profundidade](#)
- [Pesca e transporte marítimo](#)
- QUÍMICA**
- [Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos](#)
- [Laboratorio](#)
- [Planta química](#)
- [Operacións de proceso de pasta e papel](#)
- [Operacións de transformación de plásticos e caucho](#)
- SANIDADE**
- [Coidados auxiliares de enfermería](#)
- [Farmacia e parafarmacia](#)
- [Emerxencias sanitarias](#)
- SERVIZOS SOCIOCULTURAI E Á COMUNIDADE**
- [Atención sociosanitaria](#)
- [Atención a persoas en situación de dependencia](#)
- TEXTIL, CONFECCIÓN E PEL**
- [Calzado e marroquinería](#)
- [Calzado e complementos de moda](#)
- [Producción de filadura e texeduría de calada](#)
- [Producción de texidos de punto](#)
- [Confección e moda](#)
- [Operacións de ennoblecemento textil](#)
- [Fabricación e ennoblecemento de produtos textís](#)
- TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS**
- [Electromecánica de vehículos](#)
- [Carrocería](#)
- [Electromecánica de maquinaria](#)
- [Electromecánica de vehículos automóveis](#)
- VIDRO E CERÁMICA**
- [Operacións de fabricación de vidro e transformados](#)
- [Operacións de fabricación de produtos cerámicos](#)
- [Fabricación de produtos cerámicos](#)

SE NON CONSIGO SACAR O TÍTULO DE LA ESO

- a) FPB (FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA)
- b) ESA (EDUCACIÓN SECUNDARIA ADULTOS)
- c) PRUEBAS DE ACCESO A CICLOS MEDIOS O TÍTULO DE LA ESO
- d) FORMACIÓN OCUPACIONAL (EMPREGO)
- e) MUNDO LABORAL (BÚSQUEDA DE EMPREGO)
- f) OTRAS OPCIONES...

NOVAS OPCIÓN S DURANTE O CURSO...  
TOMA DE DECISIÓN FINAL...





**IES AGRA DE LEBORÍS**  
**ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL**  
**BACHARELATO**

Indica ciclos formativos ou grados universitarios e universidades dos que queiras acadar información

<b>ALUMNO/A</b>	
<b>CICLO FP – GM – GS</b>	
<b>GRADO/S</b>	
<b>UNIVERSIDADE</b>	

**IES AGRA DE LEBORÍS**  
**ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL**  
**BACHARELATO**

Indica ciclos formativos ou grados universitarios e universidades dos que queiras acadar información

<b>ALUMNO/A</b>	
<b>CICLO FP – GM – GS</b>	
<b>GRADO/S</b>	
<b>UNIVERSIDADE</b>	



## CONSELLO ORIENTADOR

DATOS DO ALUMNO OU DA ALUMNA									
NOME		PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			NIF	
DATA DE NACEMENTO	CURSO ACTUAL (marcar cun X a opción correspondente)				CURSOS REPETIDOS (de ser o caso, marcar cun X)				
	<input type="checkbox"/> 1ºESO	<input type="checkbox"/> 2ºESO	<input type="checkbox"/> 3ºESO	<input type="checkbox"/> 4ºESO	<input type="checkbox"/> 1ºESO	<input type="checkbox"/> 2ºESO	<input type="checkbox"/> 3ºESO	<input type="checkbox"/> 4ºESO	

GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS					
COMPETENCIAS BÁSICAS	GRAO DE ADQUISICIÓN (marcar cun X a opción correspondente)				
	POUCO	REGULAR	ADECUADO	BO	EXCELENTE
Competencia en comunicación lingüística.					
Competencia matemática.					
Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.					
Tratamento da información e competencia dixital.					
Competencia social e cidadá.					
Competencia cultural e artística.					
Competencia para aprender a aprender.					
Autonomía e iniciativa persoal.					

GRAO DE ADQUISICIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS					
OBXECTIVOS (indicar os máis salientables)	GRAO DE ADQUISICIÓN (marcar cun X a opción correspondente)				
	POUCO	REGULAR	ADECUADO	BO	EXCELENTE
LINGUA GALEGA E LITERATURA					
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA					
MATEMÁTICAS					
XEOGRAFÍA E HISTORIA					
INGLÉS					
CIENCIAS (FÍSICA E QUÍMICA, BIOLOXÍA E XEOLOXÍA)					

DIFICULTADES DE APRENDIZAXE PRESENTADAS (marque cun X a opción correspondente)	
<input type="checkbox"/>	Falta de hábitos de estudo e planificación do traballo.
<input type="checkbox"/>	Falta de interese e motivación.
<input type="checkbox"/>	Problemas de atención e concentración.



	Dificultades de comprensión de lectura.
	Dificultades relacionadas coa expresión oral.
	Dificultades relacionadas coa expresión escrita.
	Dificultades relacionadas co razoamento e a adquisición ou a aprendizaxe de novos conceptos.
	Dificultades relacionadas co cálculo e a resolución de problemas.
	Retraso escolar xeneralizado.
	Problemas de relación e/ou integración.
	Dificultades con contidos específicos (indicar en que materias):
	Outras (indique cales):

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE RECIBIDAS EN ESO (só no caso de que fosen recibidas)			
ANO ACADÉMICO	CURSO	MATERIA	MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

PROPOSTA
<p>Recoméndase que o/a alumno/a se incorpore a un ciclo formativo de formación profesional básica polos seguintes motivos:</p> <p>a. Cumple o requisito de idade.</p> <p>b. Ten cursado ___ da ESO sen superar os obxectivos do curso.</p> <p>c. Aмоса interese por cursar un ciclo de FP Básica na especialidade de _____</p> <p>d. Pode aproveitar e responder de maneira axeitada a estos aprendizaxes e xestionar o seu futuro educativo e profesional.</p>

LEXISLACIÓN APLICABLE
Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.

SINATURAS		
O/A DIRECTOR/A TITULAR DO CENTRO	O/A TITOR/A DO/DA ALUMNO/A O/A	ORIENTADOR/A
Visto e prace:	En representación do equipo docente.	



(selo do centro)		
Asdo:	Asdo:	Asdo:
Lugar e data	A Laracha, de de 20	



## CITACIÓN Á FAMILIAS

O/a titor/a solicita a presenza de D./Dna. \_\_\_\_\_  
(pai/nai/titor legal) do alumno/a \_\_\_\_\_,  
escolarizado no IES Agra de Leborís no curso \_\_\_\_\_ nivel \_\_\_\_\_, para  
falar do seu fillo.

DATA	
HORA	
LUGAR	<b>DESPACHO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS</b>

No suposto de non poder asistir a esta reunión póñase en contacto por teléfono.

Teléfono do centro: 881 880 676

A Laracha, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

O/A titor/a

Asdo: \_\_\_\_\_



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**

Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha

Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683

[www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris)

E-mail: [ies.agra.leboris@edu.xunta.es](mailto:ies.agra.leboris@edu.xunta.es)

*Este documento forma parte do Proxecto Educativo do noso centro*

*Aprobado polo Consello Escolar con data 26 de xaneiro de 2023*